

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN GALEGA DE IRMANDADES DE DOADORES DE SANGUE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue formalizaron o 8 de novembro de 2022 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue, da promoción da hemodoazón en Galicia con todos os medios ao seu alcance, en coordinación co Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos. No desenvolvemento destes programas, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

A Orde do Ministerio de Traballo do 29 de outubro de 1971, creou, baixo a promoción e o patrocinio da Entidade Xestora da Seguridade Social, as Irmandades de Doadores de Sangue, configurándoas como persoas xurídicas de dereito privado e sen ánimo de lucro.

A Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue agrupa ás distintas Irmandades galegas que teñen como finalidades, entre outras, a promoción da hemodoazón en Galicia baixo a coordinación da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (en adiante, ADOS).

Para acadar niveis óptimos de hemodoazón, as distintas Irmandades que compoñen a federación participan en campañas de radio e televisión, reparten trípticos e carteis, percorren concellos contactando directamente coas persoas, promoven charlas e atenden tódolos requirimentos dos doadores nas súas oficinas, tanto persoal como telefónicamente.

Así mesmo, as Irmandades, ao igual que viña ocorrendo co Centro de Transfusións de Galicia, colaboran con ADOS mediante a realización de propostas, así como en todo o que esta determine e solicite.

A Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o anterior e, tendo en conta as razóns de interese público, social, económico e humanitario, ambas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento de actuacións conxuntas en materia de difusión de información na Comunidade Autónoma Galega para acadar o fin común, que é a promoción da hemodoazón, polo que non resulta posible promover concorrencia pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional , con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde

María Estrella López-Pardo Pardo

